

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 103

ano 17

novembro-decembro 2023

CENTENARIO DE OLGA GALLEGO (1923-2023)



En 2023 conmemoramos o centenario do nacemento da ilustre arquivista e historiadora ourensá Olga Gallego Domínguez (Ourense, 8/12/1923–4/09/2010). Lembrámola cunha fotografía tomada nos últimos anos da súa vida na sala de consulta da antiga sede do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, edificio que fora previamente palacio dos bispos aurienses ata o século XX. Nesta imaxe podemos recuperar con nitidez o recordo de quen foi directora deste centro entre 1969 e 1989. Nela reflíctese a actividade investigadora que ao longo de toda a súa vida cultivou con vocación e rigor intelectual. Tras a súa xubilación continuou acudindo case a diario á sala de consulta na procura da información contida en papeis e pergameos na que se apoiaban os seus traballos.

Era unha muller metódica con gran capacidade para administrar o tempo, de xeito que ocupaba o día con distintas actividades, entre as que estaba acudir polas mañás ao Arquivo durante varias horas. Ao longo desta etapa da súa vida consultou de xeito intensivo protocolos notariais. Pacientemente esculcaba as vellas escrituras que conteñen os proto-

colos para ir extraendo información diversa que anotaba en fichas de papeis reaproveitados, un costume herdado da época da posguerra, na que ese soporte de escritura era escaso e precisaba de certo racionamento. Esa acumulación diaria de información permitiulle publicar con asiduidade artigos e monografías relativos a distintos temas históricos que tiveron como punto en común o marco físico da cidade e da provincia de Ourense.

O seu incansable traballo recompensóuselle con merecidos recoñecementos. Dende 1980 foi membro correspondente da Real Academia da Historia e, en 1985, a primeira muller en ler o discurso de ingreso na Real Academia Galega. Entre os galardóns recibidos destacan o Lazo da Orde de Afonso X o Sabio (1969), a Medalla de Prata de Galicia (2000), a Medalla Castelao (2006) e o Premio Traslaba (2008).

2009, febreiro, 6. Ourense.


Fotografía de Olga Gallego na sala de consulta do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

Autor: Manuel Ángel García Yanes
AHPOu, Colección fotográfica

Arquiveira

Olga Gallego licenciouse en Filosofía e Letras en 1946 na Universidade de Santiago de Compostela. Rematada a carreira, fixo prácticas no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) baixo a tutela do entón director Xesús Ferro Couselo. Tamén obtivo un contrato remunerado para organizar o Arquivo Diocesano de Ourense.

En 1955 aprobou as oposicións de auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos e obtivo destino na Biblioteca Provincial de Ourense. Tres anos despois superou a oposición para ingresar no Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos. Tras esta promoción profesional exerceu de directora da Biblioteca Pública de Vigo, o que lle permitiu fortalecer o seu vínculo coa Fundación Penzol, onde tamén realizou diversos traballos documentais.



A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos, de Olga Gallego.

En 1969 retornou ao seu Ourense natal para asumir a dirección do AHPOu e sucedeu no cargo a X. Ferro Couselo. Chegaba a un centro creado en 1943, pero que ata 1969 non puidera contar cunha sede propia. Tratábase dun edificio con modernas instalacións para aquel tempo, que acolleu os ricos fondos históricos (institucións relixiosas, Catastro de Ensenada, fondos familiares...) que ata ese ano se custodiaran nas dependencias da Delegación Provincial do Ministerio de Facenda.

En 1969 tamén se publicou o Decreto 14/1969, en virtude do cal os arquivos históricos provinciais adquirían a función de intermedios para facerse cargo da documentación xerada polas oficinas da Administración do Estado de ámbito provincial unha vez que cumpría os 15 anos. Isto propiciou a recepción de abundantes e voluminosos fondos ao

longo da década seguinte que acabaron por saturar os depósitos do Arquivo na década de 1980. A transferencia destes fondos supuxo unha ardua tarefa de organización e descrición documental que recaeu no exíguo persoal técnico co que contaba o Arquivo: a propia Olga e Elisa Fernández-Pousa. Froito dese traballo viron a luz un gran número de instrumentos de descrición, algúns publicados, como a *Guía do AHPOu* (1977) ou o *Catálogo do Catastro de Ensenada* (1989), obras que facilitaron á cidadanía o acceso a esa documentación.

Esta práctica arquivística, sumada á súa sólida formación teórica, favoreceron que publicase traballos de teoría arquivística que a converteron nunha das profesionais máis prestixiosas no ámbito español e iberoamericano. Cabe citar, entre outros, o seu *Manual de arquivos familiares*, a *Introdución na Arquivística* ou a *Propuesta de cuadro de clasificación de Archivos Históricos Provinciales*, estes dous últimos de autoría compartida con Pedro López Gómez. Tamén hai que mencionar os traballos sobre a organización e a historia de diversos arquivos e fondos documentais galegos.

Historiadora

Olga Gallego simultaneou a súa faceta de arquivista coa de historiadora, sendo máis coñecida por esta última entre o público alleo ao mundo dos arquivos, particularmente no ámbito ourensán. Precisamente a súa primeira publicación, un artigo de 1949, versa sobre un tema de Historia da Arte. No *Boletín Auriense*, -revista editada polo Grupo Marcelo Macías, do que foi directora dende 1990 ata o seu pasamento- publicou a maior parte dos seus traballos de historia. Estes tamén estiveron referidos na súa práctica totalidade a temáticas ourensás.

Mentres exerceu laboralmente de arquivista en activo predominaron as súas publicacións de arquivística, xa fose en forma de artigos, colaboracións en obras colectivas ou manuais propios. Isto cambiou a raíz da súa xubilación en 1989, de xeito que foi abandonando progresivamente os traballos relativos a esa disciplina en favor das investigacións históricas centradas fundamentalmente na Idade Moderna. Poucos temas lle foron alleos. Estudou a evolución demográfica e o azoute das pestes en Ourense, a fiscalidade, a xustiza, os cárceres, a relixiosidade, as feiras, a rede hospitalaria, o urbanismo da cidade, a organización administrativa da provincia durante o Antigo Réxime, as barcas dos ríos ourensás, as institucións relixiosas, a fidalguía, a muller na historia de Ourense e outro longo etcétera de cuestións.

Por todo isto, Olga Gallego é a día de hoxe unha autora imprescindible para coñecer o pasado ourensán a través dunha historia rigorosa sustentada sempre en fontes de arquivo e nun coñecemento historiográfico actualizado.

Texto: Pablo Sánchez Ferro e Francisco Sandoval Vereja
Fotografía: Manuel A. García Yanes. DL OU 67/2006; ISSN 2659-3491



**XUNTA
DE GALICIA**

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfno. 988786228